

---

# A HISTORIA DO TOURO FERDINANDO

Texto de **MUNRO LEAF**

Ilustracións de **ROBERT LAWSON**

Tradución de **XESÚS FRAGA**

---

Encadernado en cartonné. 18,5 x 22,5 cm. 72 páx. 15 €. SELECCIONADO POLA INTERNATIONALE JUGEND BIBLIOTHEK COMO UN DOS 10 CLÁSICOS A PROL DA PAZ E DA TOLERANCIA

**A historia do touro Ferdinando** (galego)

ISBN 978-84-8464-982-3. Tras os montes.

**La història del Ferdinando** (catalán)

ISBN 978-84-8464-983-0. Llibres per a somniar.

**A história de Ferdinando** (portugués)


ISBN 978-989-749-057-6. Livros para sonhar.

*Houbo unha vez en España un xato que se chamaba Ferdinando. Todos os xatos que vivían con el corrían e choutaban e turraban uns contra os outros, mais non Ferdinando. A el, o que lle gustaba era ficar tranquilamente sentado e ulir o recendo das flores...*

“A historia do touro Ferdinando” é unha alegoría pacifista e antibelicista moi estimada en numerosos países, e da que se fixeron máis de 60 traducións. Recomendado en Rusia e na India, onde foi o libro preferido de Gandhi, Hitler ordenou a súa queima na Alemaña nazi e en España foi prohibido por consideralo unha crítica contra a Guerra Civil.

KALANDRAKA recupera a primeira versión en branco e negro deste clásico -aínda tan vixente- que data de 1936. A historia presenta un Ferdinando sensible que, fronte á bravura doutros touros, prefere a tranquilidade dun prado e o arrecendo das flores.

O lirismo da prosa, a linguaxe próxima á infancia e o humor sutil son algunhas cualidades do texto, co que Munro Leaf cuestiona as corridas de touros e rexeita a violencia, ademais de apoiar a liberdade individual e o respecto á diferenza. As ilustracións detallistas de Robert Lawson amosan a Ferdinando no seu habitat natural, alternando as amplas panorámicas cos primeiros planos. En 1938 Disney fixo unha adaptación que gañou un Oscar á mellor curtametraxe de animación.



- 
- **Temática:** pacifismo, non violencia.
  - **Idade recomendada:** a partir de 5 anos.
  - **Aspectos destacables:** clásico da Literatura Infantil; texto simbólico, pacifismo, non violencia; animais, natureza; humor; seleccionado pola Internationale Jugend Bibliothek entre os 10 libros clásicos sobre a paz e a tolerancia.
- 

## Munro Leaf

(Maryland, 1905 - 1976)

Estudou nas universidades de Maryland e de Harvard, onde se especializou en Literatura Inglesa. Foi profesor e editor. Dos preto de 40 libros que escribiu ao longo de catro décadas de traxectoria como autor, “A historia do touro Ferdinando” foi o máis coñecido. Non foi a súa única colaboración con Robert Lawson; o seu segundo libro xuntos, “Wee Gillis”, recibiu a Medalla Caldecott en 1939.

## Robert Lawson

(Nova York, 1892 - Connecticut, 1957)

Estudou na Escola de Belas Artes de Nova York e a súa carreira comezou en 1914 coa publicación dun poema contra a invasión de Bélxica na revista Harper’s Weekly. Tras prestar servizo no Exército estadounidense durante a I Guerra Mundial, retomou a súa faceta artística e en 1922 ilustrou o seu primeiro libro infantil. A súa traxectoria suma unhas 70 publicacións, algunhas delas levadas ao cine de animación. Foi galardoado coas Medallas Caldecott (1941) e Newbery (1945), e o Lewis Carrol Shelf Award (1961). O seu legado documental e artístico atópase na Universidade de Minnesota e na Biblioteca Pública de Filadelfia.

---

www.**Kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com

---